



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL
DE CABEIRO, CELEBRADA O DÍA 24 - DE SETEMBRO - DE 2013**

ORDE DO DÍA

1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas e corenta minutos, do día vintecatro de setembro de dous mil trece, previa convocatoria, e baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, da concelleira ANA MARIA ALONSO ALONSO reuníronse os/as seguintes integrantes:

INÉS BASTOS ALONSO, representante do grupo municipal do PSdeG – PSOE
MARÍA ÁNXELES BABARRO FERNÁNDEZ, representante grupo municipal do BNG
JOSÉ DA CUNHA DA CUNHA, representante do grupo municipal do PP
PAULO MEDAL FIEL, representante do grupo municipal de AER

SABINO AMOEDO DACOSTA, representante da comunidade de montes
MANUEL BASTOS BASTOS, representante das asociacións de veciños
CONSTANTE ÁLVAREZ ÁLVAREZ, representante das asociacións de veciños
AMANTE ROMERO ÁLVAREZ, representante das asociacións culturais
M^a DEL CARMEN IGLESIAS ALONSO en substitución de Ángel Lago García, representante das comunidades de augas
MARÍA DOLORES PAZOS OTERO, representante das asociacións de mulleres
CESÁREO ÁLVAREZ LAGO, representante das asociacións deportivas
MANUEL FERNANDEZ ÁLVAREZ, representante das asociacións deportivas
CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, como concelleiro de vías e obras en calidade de asesor, con voz e sen voto.

Todos/as eles/as asistidos de mín, o funcionario de carreira do Concello, Juan Manuel García Rodríguez que actúa como secretario, e que da fe do acto, coa finalidade de celebrar a xuntanza extraordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar o único punto da Orde do Día.



CONCELLO DE REDONDELA

1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.-

Pola presidencia ponse de manifesto que o obxecto do presente consello é facer participes ás parroquias en elexir actuacións en propiedades municipais cunha inversión de trece mil cincocentos euros.

Polo señor Romero Álvarez dise que unha obra importante e necesaria para a parroquia é a construción do muro do cemiterio.

Pola señora Babarro Fernández, representante do grupo municipal do B.N.G., maniféstase que a finalidade destes orzamentos participativos é a realización de obras elexidas polos colectivos.

A presidencia manifesta que tamén o Concello quere que os veciños coñezan o funcionamento dos distintos servizos do Concello e que sexan partícipes deles. Con referencia á obra do muro do cemiterio expón que os técnicos municipais xa no seu día estiveron no lugar coa finalidade de asesorar tecnicamente sobre dita obra, indicando que esta non se pode facer por tramos senón que hai que facela toda dunha vez, e que non hai cartos suficientes.

Polos membros do Consello se di que o proxecto poderían facelo os técnicos municipais e así eran cartos que se aforraban.

Polo señor Medal Fiel, representante do Grupo Municipal de A.E.R., maniféstase que o proxecto xa debería estar feito, coa finalidade de saber o custe da obra.

Polo representante da comunidade de montes maniféstase que esta aportaría o resto dos cartos que fan falta para executar dita obra.

Pola concelleira Alonso Alonso dise que os técnicos municipais poden redactar o proxecto e logo, segundo este, solicitar tres presupostos para a realización da obra.

Polo representante do grupo político de A.E.R, Medal Fiel, dise que non entende como ata o de agora non se fixo esta obra necesaria, e nen tan sequera o proxecto.

Polo señor Vilaboa Figueroa ponse de manifesto que é preciso para que a auga non traballe no muro meter formigón e facer a cuneta. Remata a súa intervención manifestando que o alcalde quere facer o muro por considerar que é necesario.

Pola representante do grupo municipal do B.N.G., Babarro Fernández, dise que non entende por que non está o muro feito, respostandolle a presidencia que é un problema de partida orzamentaria.

O representante do grupo municipal A.E.R., Medal Fiel, maniféstase que o primeiro que hai que ter é o proxecto para saber o custe da obra.

Pola representante da Asociación de Mulleres ponse de manifesto que o problema do muro comezou cando se fixo o saneamento.

Pola presidencia maniféstase que debería terse unha segunda opción para o caso de que a construción do muro tivera algún inconvinte técnico e que sería unha pena que a parroquia perdese eses cartos.



CONCELLO DE REDONDELA

A señora Iglesias Alonso manifesta que unha segunda opción podería ser a realización de obras na rede veciñal de abastecemento de auga.

Manifestando outro membro do Consello que tamén fai falta a realización dun tramo de saneamento, respostandolle o señor Romero Álvarez que iso quedou en facelo o concello.

Polo representante do grupo municipal A.E.R., Medal Fiel, maniféstase que o saneamento, abastecemento e alumados non son a finalidade dos orzamentos participativos.

A Presidencia reitera a necesidade dunha segunda opción para o investimento dos orzamentos, no caso de problemas técnicos na realización do muro, xa que se non Cabeiro perdería estes cartos destinados aos orzamentos participativos.

O señor Romero Álvarez reitera que o Concello invirta os trece mil cincocentos euros e a diferenza de presuposto ós veciños.

Previa deliberación o Consello acordou, por unanimidade dos seus membros, que a obra a incluír nos Orzamentos Participativos de 2013 sexa:

CONSTRUCCIÓN MURO DO CEMITERIO

Encargándose o Concello de Redondela do proxecto ou memoria descritiva das obras, así como solicitude de presupostos para a realización da obra.

Así mesmo, por unanimidade e como alternativa ao muro do cemiterio, que é a obra escollida a realizar, sería:

- pluviais Camiño da Graña e reixas
- pluviais Camiño da Arousa e reixas
- vadéns
- sinalización

Os membros do Consello solicitan que dos orzamentos da sinalización se encargue o concello.

Polo representante do grupo municipal de A.E.R., Medal Fiel, manifestase que o lóxico é que o Concello se encargue de pedir os orzamentos das obras e non os representantes veciñais. Indica que a moción por eles presentada sobre este tema aprobouse en febreiro de 2011 e considera que é tempo de abondo para telo xestionado.

Para rematar o Consello propón a Presidencia que se convoque sesión ordinaria do mesmo para poder tratar asuntos pendentes, sinalando o representante do grupo municipal do B.N.G., que a convocatoria se faga coa antelación suficiente para poder solicitar a inclusión de puntos na orde do día.

Previa deliberación, acordouse celebrar sesión ordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro, o vindeiro **15 de outubro ás 20:30 horas** neste local social, e fixar a data do día 7 do mesmo, como prazo para poder presentar asuntos a incluír na orde do día, no Rexistro Xeral do Concello.



CONCELLO DE REDONDELA

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

ANA M^a ALONSO ALONSO

JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ